

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN

DE HONRAS E DISTINCIÓNS

DO

CONCELLO DA ESTRADA

CAPÍTULO I

Dos títulos, honras e condecoracións oficiais do Concello da Estrada

Artigo 1º.- O presente Regulamento ten por obxecto regula-la concesión de Distincións Honoríficas e Condecoracións que, para premiar méritos especiais, cualidades, circunstancias singulares ou servicios extraordinarios prestados ó Municipio, poderán ser outorgados polo Concello da Estrada; estos serán os seguintes:

DISTINCIÓNS HONORÍFICAS:

- Fillo Predilecto da Estrada.
- Membro Honorario da Corporación.

CONDECORACIÓNS:

- Medalla de Ouro da Estrada
- Medalla de Prata

OUTRAS DISTINCIÓNS:

- Denominación de espacios públicos.

Para a concesión de tódalas distincións honoríficas que neste Regulamento queden establecidas, o Concello terá que observa-las normas que a continuación se indican.

Artigo 2º.- Tódalas distincións ás que se fai referencia neste Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico sen que outorguen ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

CAPÍTULO II

Dos títulos de Fill@ Predilect@ da Estrada.

Artigo 3º.- O título de Fill@ Predilect@ da Estrada poderá ser concedido a quen se destacara polas súas cualidades persoais e singularmente polos seus servicios en beneficio, mellora ou honra da Estrada tendo acadado prestixio e consideración en xeral.

Artigo 4º.- Unha vez aprobada a concesión do título de Fill@ Predilect@, a Corporación acordará a data na que se reunirá de novo para proceder á entrega, nun acto solemne, no Salón de Plenos da Casa Consistorial ou en calquera outro lugar que as circunstancias aconsellen.

Artigo 5º.- O título de Fill@ Predilect@ da Estrada dará dereito, a quen o ostente, a ocupar un lugar preferente nos actos organizados polo Concello.

Artigo 6º.- O outorgamento destas Distincións Honoríficas quedará refrendado polo acto de entrega dos correspondentes diplomas e medallas de ouro de Fill@ Predilect@. Estas axustaranse os modelos que figuran no anexo a este Regulamento e levarase pendente dunha cinta branca, vermella e verde na capela.

CAPÍTULO III

Do nomeamento de Membros Honorarios do Concello da Estrada.

Artigo 7º.- O nomeamento de Alcalde ou Concelleiro Honorario do Concello da Estrada poderá ser outorgado por este a personalidades, tanto nacionais como estranxeiras, como mostra da alta consideración que lle merecen distincións correspondentes ou análogas, das que fose obxecto a Corporación ou autoridades municipais da Vila.

Artigo 8º.- A concesión destes Títulos, cando circunstancias especiais así o aconsellen, poderá ser acordada polo pleno da Corporación coa maioría especial á que se refire o art. 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, non sendo de aplicación neste suposto o procedemento establecido no capítulo VII deste Regulamento.

Artigo 9º.- Os nomeamentos de Alcalde ou Concelleiro Honorario, poderán ser de carácter vitalicio, por prazo limitado, ou circunscrito tan só ó período que corresponda ó cargo que ocupe o designado, cando a designación fose acordada expresamente en atención ó devandito cargo.

Artigo 10º.- Os designados carecerán de facultades para intervir no goberno administrativo municipal, pero o Alcalde efectivo ou o Concello poderán encomendarlles funcións representativas cando exerzan fóra da demarcación territorial da Vila.

CAPÍTULO IV

Da Medalla de Ouro da Estrada

Artigo 11º.- É unha distinción que manifesta o máximo galardón que tanto unha institución, como unha personalidade pode recibir do Concello.

Créase esta distinción coa idea de premiar a institucións ou personalidades que destaquen na orde política, administrativa, cultural e artística, que manteñan algunha vinculación ou se relacionen cos intereses do Municipio.

Artigo 12º.- O outorgamento desta condecoración quedará refrendada polo acto de entrega dos correspondentes diploma e medalla de ouro. Esta axustarase ó modelo que figura no anexo a este Regulamento.

CAPÍTULO V

Da Medalla de Prata da Estrada

Artigo 13º.- A Medalla de Prata da Estrada terá a consideración de condecoración municipal distinguida polo que, respondendo a esta singularidade, terá que reservarse a súa concesión ós casos excepcionais de méritos extraordinarios que concorran en

personalidades, entidades ou corporacións municipais, nacionais ou estranxeiras que, polos méritos ou polos servizos prestados ó Municipio, poidan ser consideradas polo Concello dignas de tódolos merecementos.

Artigo 14º.- O outorgamento desta condecoración quedará refrendado polo acto de entrega dos correspondentes diploma e medalla. O modelo da mesma será o que figura no anexo deste Regulamento e levarase colgada do pescozo, suxeita cun cordón de seda branco, vermello e verde con pasador de prata.

CAPÍTULO VI

Da denominación de espazos públicos, da instalación de estatuas e monumentos, da celebración de actos de homenaxe.

Artigo 15º.- Os acordos para a denominación de espazos públicos, para a colocación de estatuas e monumentos, e para a celebración de actos de homenaxe promovidos polo Concello adoptaranse previa tramitación do expediente establecido no capítulo VIII deste Regulamento, oida a Comisión informativa que corresponda.

Artigo 16º.- O cumprimento dos acordos anteriores realizarase en acto público, anunciado anteriormente.

CAPÍTULO VII

Do procedemento

Artigo 17º.- Para a concesión de tódalas honras e distincións honoríficas que neste Regulamento quedan establecidas, o Concello terá que observar as normas que a continuación se indican agás o suposto excepcional previsto no capítulo III deste Regulamento.

Artigo 18º.- A tramitación para outorgar calquera das distincións ou títulos honoríficos deberá ser secreta: así mesmo, non poderá darse ningunha información ou certificación algunha ata que o acordo sexa firme.

Artigo 19º.- Tódalas iniciativas e suxerencias para a aplicación do presente Regulamento dirixiranse por escrito, con carácter reservado, á Alcaldía. No Decreto de iniciación nomearase un xuíz instructor e un secretario; o instructor, que será o Presidente da Comisión, ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos do proposto e unha vez rematada-las actuacións elevará proposta á Comisión de Cultura, constituída a estes efectos en Especial de Honras e Distincións.

Artigo 20º.- A Comisión de Honras e Distincións, que poderá practicar unha información complementaria, determinará, co voto da maioría absoluta dos seus membros, o título, condecoración ou distinción que se lle debe outorgar ó homenaxeado.

Artigo 21º.- Rematada a instrucción do expediente, ou, no seu caso, o prazo concedido para o efecto, este será remitido á Alcaldía quen, de non existir acordo da Comisión, poderá arquivalo ou eleva-lo expediente ó Pleno coa súa proposta. Os acordos acadados polo Pleno nesta materia deberán contar co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito dos membros da Corporación para as Distincións de Fill@ Predilect@, Membro Honorario da Corporación e Medalla de Ouro e de Prata.

Artigo 22º.- As votacións que realicen os diversos órganos colexiados da Corporación nestes expedientes deberán ser secretas.

Artigo 23º.- No caso de que o acordo ou resolución fose negativo non se expedirá copia ou certificación algunha, nin se utilizarán os informes e antecedentes para finalidade allea, baixo a responsabilidade de quen infrinxa este precepto.

Artigo 24º.- Por razóns de urxencia e oportunidade, con carácter excepcional, e sempre que os méritos do homenaxeado fosen notorios o Presidente da Corporación Municipal, por iniciativa propia ou a petición de calquera grupo, poderá someter directamente ó Pleno a proposta razoada do outorgamento do título, condecoración ou distinción correspondente. Neste caso o acordo de concesión deberá ser acadado por unanimidade.

Artigo 25º.- Tódalas distincións e condecoracións ás que se refire o presente regulamento poderán ser concedidas como póstumos homenaxes ou no pasamento de personalidades nas que concorresen os merecementos citados.

CAPÍTULO VIII

Do Libro de Rexistro de Distincións Honoríficas

Artigo 26º.- A Secretaría da Corporación coidará que se leve un Libro de Rexistro, dividido en tantas seccións como cantas sexan as Honras, Condecoracións e Distincións establecidas no presente Regulamento, no que se inscribirán cronoloxicamente as circunstancias correspondentes ós favorecidos, e a razón e data de concesión.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- O Pleno da Corporación poderá acorda-la limitación e concesión de Honras, Distincións e Condecoracións cando sexa excesiva a súa prodigalidade podendo empana-la súa relevancia ou cando así se estimase conveniente para a racionalización do seu outorgamento.

Segunda.- o Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste Regulamento, calquera que sexa a súa data de concesión, a quen incorra en faltas que aconsellen esta medida extrema. A privación deberá reuni-los mesmos votos favorables que os esixidos para a concesión e coa previa tramitación do procedemento establecido no capítulo VII deste Regulamento, en canto lle sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira e Única.- Cantas personalidades ou entidades corporativas estivesen actualmente en posesión dalgunhas das distincións que son materias deste Regulamento, continuarán co disfrute delas con tódolos dereitos, honras e prerrogativas que lle son inherentes, ou as que lle foran recoñecidas por anteriores acordos municipais dictados en relación coas distincións enumeradas.

DISPOSICIÓN FINAL

Así mesmo apróbase, como anexo deste Regulamento, o modelo tipo que regularán as Distincións Honoríficas e Condecoracións así como o contido mínimo dos distintos diplomas a entregar polo Concello:

A Estrada, 18 de febreiro de 1997

O Alcalde,

Asdo.: Ramón Campos Durán

O CONCELLO DA ESTRADA.

De conformidade co establecido no Regulamento de Honras e Distincións, e dando cumprimento o acordo acadado por (1)..... polo Pleno do Concello en sesión de data de.....de

No desexo de que quede constancia do seu agradecemento e interpretando o sentir dos seus veciños, **HÓNRASE CONCEDENDO a,**

D. _____

O/A Título/Condecoración de (2).....

E para que conste como público recoñecemento dos méritos contraídos a través da súa conducta observada en pro dos intereses deste Municipio, expido a presente na Estrada a de.....de.....

Secretario,

Alcalde,

Presidente da Comisión de Honras e Distincións.

Asdo.:.....

Asdo.:.....

Asdo.:.....

(1) ~~maioría especial~~ maioría absoluta/unanimidade

(2) ~~Fillo Predilecto/Medalla de Ouro/Medalla de Prata/Voto~~ de agradecemento